

ANEXO XIV

Carteis e placas



A marca principal ocupará o ancho do soporte cun marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo.

O título da obra a executar terá unha altura de texto non superior a $\frac{2}{3}$ da altura que teña o texto do logotipo.

Os datos da obra terán unha altura de texto non superior a $\frac{1}{2}$ da altura do título.

O resto de logos, deberán situarse ao final do cartel cun marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo.

Cores e tipo de letra

Cor fondo 1	RGB 0 123 196 Pantone 7461 C
Cor fondo 2	RGB: 0/51/153 Pantone Reflex Blue
Tipo de letra	Xunta Sans
Tipo de letra Feader e lema	News Gothic

Dimensións

Axuda pública total		Cartel temporal	Placa permanente
>500.000 €	Dimensión mínima (A)	140 cm	30 cm
	Altura mínima chan (h)	150 cm	-

No caso de encontrarse en óptimas condicións de mantemento, o cartel temporal poderá ser utilizado como placa permanente.

Axuda pública total		Cartel	Placa
>50.000 €	Dimensión mínima (A)	100 cm	30 cm
	Altura mínima	130 cm	-

No caso de investimentos en infraestruturas, tales como camiños, operación de reestruturación parcelaria, ou en xeral, actuacións que abranguen unha grande área territorial, empregárase preferentemente carteis. Cando o investimento financiado afecte un edificio, maquinaria ou similar, utilizaranse preferentemente placas.

Tanto os carteis como as placas serán de material resistente (ríxido ou semirríxido), non sendo admisibles a simple impresión en papel. Colocarase sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.